

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA (CAMPUS VIGO- PONTEVEDRA) DA UNIVERSIDADE DE VIGO

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO COMITE DE EMPRESA

CAPÍTULO I : DO COMITÉ DE EMPRESA. DEFINICIÓN. COMPOSICIÓN E DOMICILIO SOCIAL.

CAPÍTULO II : DOS FINS E COMPETENCIAS DO COMITÉ DE EMPRESA

CAPÍTULO III : ÓRGANOS UNIPERSONAIS E ÓRGANOS COLEXIADOS.

CAPÍTULO IV : DO RÉXIME DE SESIÓNS E A ADOPCIÓN DE ACORDOS.

CAPÍTULO V : DAS RELACIÓNS DO COMITÉ DE EMPRESA COS TRABALLADORES

CAPÍTULO VI : DAS RELACIÓNS DO COMITÉ DE EMPRESA COA UNIVERSIDADE

OUTRAS DISPOSICIÓNS

CAPÍTULO I

DO COMITÉ DE EMPRESA. DEFINICIÓN. COMPOSICIÓN E DOMICILIO SOCIAL.

Artigo 1.- O Comité de Empresa de Pontevedra (Campus de Vigo e Pontevedra) da Universidade de Vigo (en adiante C.E.) é o órgano colexiado específico de representación de todo o persoal laboral do seu ámbito territorial, e o seu principal obxecto é a defensa dos intereses sociolaborais, económicos e administrativos do mesmo dentro do ámbito competencial que o Estatuto dos Traballadores, os Estatutos da Universidade de Vigo e o presente Regulamento lle confiren.

Artigo 2.- O presente Regulamento de Organización e Funcionamento regulará o réxime interno do C.E. e as súas relacións con outros Comités de Empresa ou Asembleas de Delegados.

Artigo 3.- O Comité de Empresa:

3.1.- Membros con voz e voto, os delegados/as elixidos/as segundo o dispón o Art. 66.1 do Estatuto dos Traballadores.

3.2.- Teñen dereito a asistir con voz pero sen voto, os delegados/as en representación de cada sindicato, segundo o dispón o Art. 10.3 da “Ley Orgánica de Libertad Sindical”.

Artigo 4.- O Comité de Empresa ten por domicilio o das sedes sindicais da Universidade de Vigo, sendo posible celebrar reunións e actividades propias noutros edificios dos distintos campus da Universidade de Vigo, cando así conveña ó carácter das mesmas.

CAPÍTULO II

DOS FINS E COMPETENCIAS DO COMITÉ DE EMPRESA.

Artigo 5.- Son fins do Comité de Empresa:

5.1.- Representar ó persoal laboral nos órganos colexiados da Universidade de Vigo segundo o establezan os Estatutos da mesma ou os Regulamentos internos destes.

5.2.- Informar de todas as actividades para coñecemento xeral dos seus representados e representadas, determinando en cada momento o procedemento máis axeitado.

5.3.- Promover a unidade de tódolos traballadores/as da Universidade de Vigo co obxectivo de lograr acordos na defensa dos intereses que lle son propios

Artigo 6.- O C.E. terá as competencias derivadas da normativa e lexislación vixentes, especialmente as sinaladas no artigo 64 do Estatuto dos Traballadores e de cantos pactos puideran establecerse entre as Administracións e os sindicatos.

6.1.- O Comité de Empresa poderá decidir a súa participación nun Comité Intercentros, delegándolle ás competencias recollidas no Convenio Colectivo **en vigor** da Universidade de Vigo. Esta decisión deberá tomarse por maioría absoluta dos membros do pleno do Comité de Empresa.

Artigo 7.- Recoñéceselle, conforme ó disposto no Artigo 10 da Lei 9-87, ó Comité de Empresa, colexiadamente, por decisión maioritaria dos seus membros, lexitimación para iniciar como interesado os procedementos administrativos correspondentes e exercer accións en vía administrativa ou xudicial en todo o relativo ó ámbito das súas funcións.

Artigo 8.- Os membros do C.E. teñen as garantías reguladas no artigo 68 do Estatuto dos Traballadores, Convenio Colectivo de aplicación e demais lexislación vixente, así como as que se poidan recoñecer por pactos entre a Administración e os Sindicatos.

CAPÍTULO III

ÓRGANOS UNIPERSONAIS E ÓRGANOS COLEXIADOS.

SECCIÓN 1ª.- DOS ÓRGANOS UNIPERSONAIS

Artigo 9.- Son Órganos Unipersoais do C.E. o Presidente e o Secretario, e de existiren, o Vicepresidente ou Vicesecretario. O mandato dos mesmos será outorgado polo Comité na forma que se determina no presente Regulamento para igual período que o recollido no art. 67.3 do Estatuto dos Traballadores. O Vicepresidente e o Vicesecretario suplirán ó Presidente e Secretario respectivamente en ausencia destes.

Artigo 10.- O Presidente e o Secretario (e o Vicepresidente e o Vicesecretario no seu caso) serán elixidos polo Pleno do Comité de Empresa, **entre os membros do mesmo** a proposta dos sindicatos representados no mesmo.

Artigo 11.- Para considerar válida a elección, esta figurará na Orde do Día da sesión, e deberá contar co voto favorable de, cando menos, a metade máis uno dos compoñentes do Comité de Empresa, en primeira votación e, se ningún candidato acada os votos necesarios farase unha segunda votación na que será necesario obter maioría simple dos compoñentes do Comité de Empresa.

Artigo 12.- A elección realizarase ordinariamente na sesión constituínte de cada Comité de Empresa, na que actuará como Presidente o de maior antigüidade na empresa e como Secretario o de menor idade e, extraordinariamente, cando se produza unha revogación ou vacante por cese ou dimisión.

DO PRESIDENTE

Artigo 13.- Son funcións do Presidente e, no seu caso, do Vicepresidente en ausencia de aquel:

13.1.- Presidir as reunións do pleno do Comité de Empresa e moderar o desenvolvemento das mesmas.

13.2.- Ostentar a representación formal do C.E. a tódolos efectos, e realizar ademais cantas xestións lle sexan encomendadas polo Pleno.

13.3.- Cumprir e facer cumprir os acordos do pleno do Comité.

13.4.- Coordina-las relacións entre o C.E. e os órganos da Universidade de Vigo.

13.5.- Revisa-la documentación que entre e saia do C.E., asina-los documentos que emanen do mesmo e dar o visto e praxe ás actas e certificacións.

13.6.- Presentarlle ó C.E. tódalas propostas, informes e iniciativas que considere oportunas.

13.7.- Establecer a convocatoria das reunións ordinarias e extraordinarias.

DO SECRETARIO

Artigo 14.- Son funcións do Secretario e, no seu caso, do Vicesecretario en ausencia de aquel:

14.1.- Convocar a instancias do Presidente, dentro dos prazos previstos, acompañando á Orde do Día de todos os documentos que se precisen para debater os puntos que se vaian tratar na reunión.

14.2.- Confeccionar as actas das reunións do Pleno. Estas incluírán as propostas presentadas, os acordos adoptados e as intervencións ou votos particulares que así se fagan constar e se presenten por escrito.

14.3.- Remitir copias das actas antes da celebración da seguinte reunión a tódolos membros do C.E. Unha vez aprobadas serán asinadas polo Secretario co visto e praxe do Presidente e recollidas nun Libro de Actas.

14.4.- Dar fe e publicidade dos acordos do Pleno do C.E., expedindo certificacións nos casos en que correspondan e respecto os extremos consignados no Libro de Actas.

14.5.- Redactar e someter á sinatura do Presidente a correspondencia que orixine o propio funcionamento do Comité de Empresa.

14.6.- Arquivar e custodiar a documentación do C.E. e facilitar a súa consulta a calquera membro deste que o desexe.

REVOGACIÓNS E CESES

Artigo 15.- Revogación e cese.

15.1.- A revogación do Presidente ou do Secretario deberá ser proposta, cando menos, por 1/3 dos membros do Comité, e para a súa aprobación necesitará obter o voto favorable da maioría absoluta dos compoñentes do mesmo, convocado a este único fin. Os membros que promoven a revogación deberán propor un candidato que, no caso de resultar aprobada a súa proposta, será proclamado como novo Presidente ou Secretario. Non poderá repetirse unha proposta de revogación ou moción de censura dun mesmo órgano unipersonal ata transcorridos 6 meses dende a anterior.

15.2.- O Presidente do Comité de Empresa cesará:

15.2.1.- Ó remate do seu mandato.

15.2.2.- A petición propia. Neste caso asumirá provisionalmente a Presidencia o Vicepresidente (se o houbera) ou o membro do Comité con maior antigüidade na Universidade, que convocará unha reunión extraordinaria para elixir novo Presidente.

15.2.3.- Por dimisión do Comité de Empresa.

15.2.4 Se é revogado do Comité de Empresa segundo o establecido no Estatuto dos Traballadores.

En calquera caso, mentres non se elixa outro Presidente, o C. E. tomará os seus acordos en sesións plenarias.

15.3.- O Secretario do Comité de Empresa cesará:

15.3.1- Ó remate do seu mandato.

15.3.2.- A petición propia. Neste caso asumirá provisionalmente a Secretaria o Vicesecretario(se o houbera) ou o membro do Comité con menor idade, que convocará unha reunión extraordinaria para elixir novo Secretario/a.

15.3.3- Por dimisión do Comité de Empresa.

15.3.4- Se é revocado do Comité de Empresa segundo o establecido no Estatuto dos Traballadores.

SECCIÓN 2ª.- DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

DO PLENO

Artigo 16.- O Pleno do C.E. é o máximo órgano de decisión, reunirse ordinariamente unha vez ó mes, e extraordinariamente cantas veces o estime conveniente o Presidente, ou cando o soliciten, alomenos, 1/3 dos membros do C.E., ou un 10% dos traballadores representados. Nestes casos o prazo máximo para a celebración da reunión será de 10 hábiles.

Artigo 17.- O Secretario/a a instancia do Presidente, convocará por escrito a tódolos membros do Comité, cunha antelación de dous días hábiles, comunicando a data, hora e lugar da sesión, excepto si a urxencia o require.

Na convocatoria deberá figurar a Orde do Día dos asuntos a tratar.

Artigo 18.- Para a válida celebración dun Pleno do Comité é necesaria en primeira convocatoria a asistencia da maioría absoluta dos seus membros, en segunda poderá celebrarse a reunión cun tercio dos seus membros, debendo encontrarse entre eles o Presidente e o Secretario ou os seus substitutos.

DA COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 19.- A Comisión Permanente estará composta pola Presidencia e Secretaría do C.E. e, en todo caso, un membro representante de cada sindicato ou agrupación electoral con representación no C.E. , observando, en conxunto a proporcionalidade do mesmo.

19.2.- A Comisión Permanente será convocada polo Secretario/a a instancia do Presidente.

19.3- Para a súa constitución requirirase a presenza alomenos da maioría dos seus integrantes, estando entre eles o presidente necesariamente.

19.4.- Funcións da Comisión Permanente:

- Asumi-las funcións do C.E. nos períodos de vacacións
- Asistir ás reunións de carácter urxente convocadas pola Universidade.
- Aquelas outras funcións que considere o Pleno.

Artigo 20.- Comisións de Traballo e comunicación con outros comités de Empresa ou Xuntas de Persoal. O C.E. poderá formar Comisións de Traballo para tratar asuntos concretos. A composición, funcións e duración do seu traballo virá determinada polo Pleno. As Comisións de Traballo non terán capacidade de negociación.

CAPITULO IV

DO RÉXIME DE SESIÓNS E A ADOPCIÓN DE ACORDOS.

SECCIÓN 1ª.- DO RÉXIME DE SESIÓNS.

Artigo 21.- Celebración das sesións do Comité de Empresa.

21.1.-O Presidente do C.E. fixará a Orde do Día das sesións do Pleno, auxiliado polo Secretario/a.

Na mesma figurarán:

- **Calquera proposta efectuada en reunións anteriores, na quenda de rogos e preguntas, sempre e cando así se solicite.**
- **As propostas realizadas por escrito ante o Presidente ou o Secretario por calquera membro do Comité con alomenos 3 días hábiles de antelación a celebración da sesión de estas existir.**
- **As propostas realizadas polas Comisións de Traballo.**

Nas sesións extraordinarias só poderán debaterse as cuestións que figuren na Orde do Día da súa convocatoria, nas ordinarias poderá ampliarse a Orde do Día nos supostos previstos no Artigo 26 do presente Regulamento.

Nas sesións ordinarias figurarán necesariamente como primeiro punto a "lectura e aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior" e como último "Rogos e Preguntas".

Cando a urxencia o aconselle poderase proceder á redacción, lectura e aprobación, parcial ou total, da Acta da sesión antes do remate da mesma.

21.2.- Tódalas actas conterán:

- **Relación de asistentes e ausentes, figurando, no seu caso, os motivos que aleguen estes últimos.**
- **As opinións ou votos particulares, cando algún membro desexe que así conste. Presentaranse por escrito durante a reunión ou nun prazo máximo de 48 horas.**

Cando se produza unha votación, deberán recollerse os votos a favor, en contra , abstencións, votos en branco e nulos.

21.3.-Cando a acumulación de asuntos sexa considerable e se prevea a imposibilidade de abordalos todos, o Pleno, como punto previo, acordará a orde na que deberán ser debatidos, quedando na orde do día da seguinte reunión os temas non tratados.

21.4.- As actas serán publicadas, polas canles oportunas, para dalas a coñecer a tódolos traballadores e traballadoras.

Artigo 22.- A partir da convocatoria, os membros do Comité terán á súa disposición, na secretaría do mesmo, a documentación que as Comisións de Traballo teñan elaborado ou recollido en relación coa Orde do Día.

Artigo 23.- Os membros do C.E. observarán o sixilo profesional expresado na normativa e lexislación vixente.

SECCIÓN 2ª.- DA ADOPCIÓN DE ACORDOS.

Artigo 24.- Cando o Presidente considere que un asunto foi suficientemente exposto ou debatido, de non aprobarse por asentimento, se someterá a votación polo Pleno.

24.1.- As formas de votación serán:

24.1.1.- A man alzada que será a forma ordinaria de votación.

24.1.2.- Nominais: as que se verifican mediante lectura polo Secretario/a da relación dos membros do Comité presentes, para que cada un indique a súa postura afirmativa, negativa ou de abstención.

24.1.3.- Secretas: as que se realizan mediante sufraxio en papeleta pechada.

24.2.- O Presidente establecerá o tipo de votación segundo a índole do tema a acordar. Serán secretas, en todo caso, aquelas que afecten a persoas ou así o solicite algún membro do C.E.

24.3.- Salvo os supostos en que este Regulamento, ou outra norma de rango superior, requira unha maioría cualificada ou especial, os acordos se adoptarán por maioría simple, sendo necesaria a presenza da metade máis un dos membros do C.E. no momento da votación.

Artigo 25.- Para a modificación do presente regulamento precisarase a maioría de 2/3 dos membros do C.E.

Artigo 26.- Poderán adoptarse acordos sobre asuntos non incluídos na Orde do Día cando a urxencia dos mesmos sexa apreciada por 3/4 partes dos membros do C.E.

Artigo 27.- Son dereitos e deberes dos membros do C.E. os recollidos nas normativas, lexislación vixente e cantos pactos se establezan entre as Administracións e os sindicatos.

Artigo 28.- Delegación do voto. Esta poderase facer, sempre que existan causas de forza maior suficientemente xustificadas, noutro membro do C.E.. Só poderá realizarse por escrito e indicando, expresamente, en que punto, ou puntos, da orde do día se delega o voto. A comunicación terá que facerse o/a Secretario/a antes do comezo da reunión.

Artigo 29.- O incumprimento das xestións encomendadas polo C.E. e/ou a ausencia inxustificada e reiterada ás reunións dos membros do C.E. quedará reflectido na acta.

CAPÍTULO V

DAS RELACIÓNS DO COMITÉ DE EMPRESA COS TRABALLADORES E TRABALLADORAS

Artigo 30.- Calquera traballador/a ou grupo de traballadores/as que consideren lesionados os seus dereitos ou que detecten unha situación de inxustiza social, poderán poñela en coñecemento do Comité, ou dalgún dos seus membros, por escrito.

30.1.- A estes efectos, o Secretario do C.E. levará un rexistro no que constará: datos da reclamación, centro de traballo, contido da mesma, data de entrada, xestións efectuadas e resultado das mesmas.

30.2.- Tódalas reclamacións deberán ser postas en coñecemento do Presidente e Secretario (ou dos seus substitutos, tal e como recolle o artigo 9) para o seu traslado ó órgano correspondente, previa aprobación do pleno.

Artigo 31.- O Comité de Empresa, a través dos seus órganos, levará acabo as actuacións tendentes o restablecemento dos dereitos lesionados, notificándose ós reclamantes as xestións realizadas, así

como o seu resultado, sinalándose as actuacións legais que procedan no caso de persistir a situación de lesividade para os/as traballadores/as.

32.- Como regra xeral a aceptación das propostas da Universidade correspóndelle ó Pleno. Non obstante, este poderá delegar noutros membros ou Órganos, establecéndose previamente e se procede, as marxes de discrecionalidade oportunas para a negociación.

33.- En calquera caso ó Pleno quédalle reservada a facultade de revogar calquera dos acordos dos demais Órganos ou membros do C.E.

CAPÍTULO VI

DAS RELACIÓNS DO COMITÉ DE EMPRESA COA UNIVERSIDADE

34.- As propostas que realicen os órganos do C.E. trasladaranse á Universidade por escrito polos membros designados regulamentariamente.

35.- As propostas e comunicacións que realice a Universidade ós órganos do Comité de Empresa, faranse por escrito e a través do seu Presidente, que as dará a coñecer, na súa integridade e contido, ó Pleno para a súa aceptación ou rexeitamento.

36.- Ás reunións de información, consulta e negociación coa Universidade asistirá o Pleno, a Comisión Permanente ou aqueles membros que o Pleno decida, procurando que exista sempre pluralidade sindical.

37.- En calquera caso ó Pleno quédalle reservada a facultade de revogar calquera dos acordos dos demais Órganos ou membros do C.E.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non especificado no presente Regulamento, o Comité de Empresa rexerese polo Estatuto dos Traballadores, Lei de Procedemento Administrativo e demais lexislación vixente en cada momento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A aprobación do presente regulamento requirirá o voto afirmativo da maioría dos seus membros.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento do Comité de Empresa entrará en vigor o día da súa aprobación polo mesmo. Será remitido para o seu rexistro á autoridade laboral competente.